

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona Mariía Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dona Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 28 de Abril de 2020, en sesión celebrada por videoconferencia, e coa asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 21 de abril de 2020, ten lugar a XL sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 3 de Marzo de 2020.

Constátase o envío da acta da sesión XXXIX . Estando conformes todos os membros presentes apróbbase por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/16/20	Estimación
RSCTG/17/20	Estimación
RSCTG/19/20	Estimación por motivos formais
RSCTG/20/20	Estimación
RSCTG/24/20	Estimación por motivos formais

Nº	Sentido
RSCTG/27/20	Estimación
RSCTG/30/20	Estimación
RSCTG/32/20	Desestimación
RSCTG/35/20	Dilixencia de Arquivo

Apróbase por maioría, co voto en contra da vogal representante da Xunta de Galicia, a proposta de resolución RSCTG 1/2020. De conformidade co disposto no artigo 18.2 do Regulamento Interno da Comisión da Transparencia de Galicia, incorpórase como anexo á presente acta a xustificación formulada pola dita vogal.

Acórdase pospoñer para a próxima reunión as propostas dos expedientes RSCTG 26/2020 e RSCTG 34/2020.

4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 26 de Maio de 2020 ás 12.00 horas.

5. . - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 13.15 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia

ANEXO Á ACTA DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA DE GALICIA DO 28 DE ABRIL DE 2020.

Xustificación do voto en contra da proposta de resolución do expediente RSCTG 1/2020 pola vogal representante da Xunta de Galicia:

“A representante da Xunta de Galicia considera que a natureza do escrito do interesado e o seu obxecto, son cuestións que non forman parte do dereito de acceso á información pública de conformidade coa lei de transparencia e bo goberno. Concretamente, o contido da reclamación do interesado responde ao dunha denuncia consistente en poñer en coñecemento da administración unha serie de feitos que estima constitutivos dunha conducta incorrecta ou desviada, polo que debe prevalecer a natureza de denuncia e, polo tanto, ser inadmitida ou desestimada por non ser por tanto, a súa falta de resposta, un acto susceptible de reclamación en materia de acceso á información pública.”